

MEMORIA

DA

**ÁREA DE INTERNACIONALIZACIÓN,
MOBILIDADE E INNOVACIÓN**

DA

UNIVERSIDADE SÉNIOR

DA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

CURSO 2016/2017



**Área de Internacionalización,
Mobilidade e Innovación**

INDICE:

1.- Participación en Programas Educativos Europeos – Erasmus+	3
2.- Convenios bilaterais con outras institucións europeas de educación de adultos	4
3.- Taller Europeo 2016/2017	5
3.1.- Destinatarios	5
3.2.- Metodoloxía	6
3.3.- Contidos	7
3.4.- Proxectos ou Iniciativas Educativas desenvolvidas	8
En-RED-Versados	8
Proxecto ECHO – Eco do Medioevo	9
4.- Mobilidades transnacionais do curso 2016-2017	13
4.1 Mobilidade Internacional a Porto (Portugal).	14
4.2 Mobilidade Internacional a Scandiano (Italia).	16
5.- Outras iniciativas de dimensión internacional	18
5.1 Participación no proxecto TECEuropa da Fundación Galicia Europa	18
5.2 Jornadas Anuales de Difusión Erasmus+.	18
5.3 I Conferencia Científica de Proxectos Educativos para Seniors	18
5.4 Área Temática de Internacionalización no “XV Encuentro Estatal de Programas Universitarios para Mayores e VI Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores.	19
5.5 Participación na VI Edición dos UTA Sports Games en Zvolen (Eslovaquia)	19
5.6 Membresía en AIUTA, Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade.....	20
6.- Convenios bilaterais con outros Programas Universitarios para Maiores	21
6.1- Intercambio con Universitat Sènior - Universitat Politècnica de Valencia	22
6.2.- Intercambio coa Universidade de la Experiencia – Universidad de Salamanca.....	24
7.- Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM)	26

8.- Innovación.....27

8.1.- Iniciativas Innovadoras:

Proxecto Xornadas Universitarias para Persoas Maiores na Costa da Morte 27

Proxecto RadioSénior28

1. Participación en Programas Educativos Europeos – Erasmus+

A implicación da Universidade Sénior no desenvolvemento e na execución de proxectos europeos comeza no curso 2003-2004, e se mantén de xeito ininterrompido ata o momento actual.

Durante o curso 2016-2017, a Universidade Sénior finalizou, baixo coordinación alemá, o proxecto europeo **ProHospiz**, unha **Asociación Estratéxica KA2** dentro do Programa **Erasmus+**, destinada á realización dunha guía práctica e multicultural para a creación e posta en marcha de servizos destinados ás persoas maiores. Este proxecto contou con socios en Portugal, Romanía, Polonia e Alemaña. En xuño de 2016, tivo lugar o evento final deste proxecto, coa celebración da *European Conference “ProHospiz”* na localidade rumana de Sfantu Gheorge. A confección dos documentos para o Informe Final e o peche económico do proxecto estendeuse ata o curso 2016/2017

Na convocatoria Erasmus + 2017 presentáronse 3 propostas que requiriron un importante traballo de contacto con socios e coordinadores, de redacción e preparación da documentación precisa para as respectivas solicitudes. As propostas son as seguintes:

- Proxecto **Erasmus+ KA1 “TIC Tac +55 – Técnicas de Aprendizaxe Combinadas das TIC para maiores de 55 anos”**, formando parte dun consorcio de programas universitarios para maiores liderado pola Universidad de Málaga, aprobada pola Axencia Nacional española (SEPIE).
- Proxecto **Erasmus+ KA2 “STRADA - STRategic Digital Alliance”**, liderado pola Comune di Scandiano, que acadou boa puntuación (81,5/100) pero non obtivo financiación polo limitado dos recursos.
- Proxecto **Erasmus+ Sport “UTA Sports Games”**, liderado pola Univesidade Técnica de Zvolen (Eslovaquia), que non resultou aprobado, descoñecendo aínda a puntuación obtida.

A finais do curso 2016/2017 fue publicada la concesión del proyecto TIC Tac +55, para ser puesto en marcha en el curso 2017/2018, recibindo dos avaliadores a maior das puntuacións de entre as solicitudes presentadas e foi aprobado polo SEPIE, o organismo autónomo que xestiona os proxectos europeos Erasmus+ descentralizados.

O proxecto TIC Tac +55 é un proxecto Erasmus+ KA104 para a mobilidade por razóns de aprendizaxe de profesorado e persoal de cinco programas univesitarios para maiores de Universidades do estado español (Alacant, A Coruña, Jaume I de Castelló, Salamanca e Málaga).

No proxecto están previstas 35 mobilidades de docentes para a aprendizaxe a Universidades e Centros de Formación de Adultos de Finlandia, Holanda, Eslovaquia, Hungría, Reino Unido e Estonia. Este proxecto ten unha duración de dous anos (entre 2017 e 2019).

2. Convenios bilaterais con outras institucións europeas de educación de adultos

Dende o ano 2008 existe convenio entre a Universidades da Coruña e o centro de educación de adultos *Het Perspectief* de Gante, dirixido a facilitar a realización de proxectos e iniciativas educativas conxunta así como para promover a mobilidade do alumnado e do persoal implicado neses proxectos e iniciativas.

No ano 2014, a *Comune di Scandiano*, concello da rexión italiana de Emilia-Romagna, sumouse ao programa de intercambios a través da *Università del Tempo Libero*, e no curso 2016-2017 incorporouse a *Universidade da Grande Idade de Rio Tinto* (Portugal).

Son obxectivos dos intercambios:

- Empoderar aos estudantes sénior mediante a súa activa implicación nun entorno internacional de aprendizaxe
- Promover unha cidadanía europea activa entre os estudantes sénior.
- Formar en valores interculturais e de traballo colaborativo, tanto a nivel local como transnacional.
- Favorecer a adquisición de novos coñecementos e habilidades mediante unha metodoloxía activa e participativa.
- Mellorar as destrezas e recursos xa adquiridos e a adquisición de novos recursos.
- Potenciación de actitudes e destrezas: aprender a aprender e aprender para compartir.
- Fomentar unha maior adaptación ás necesidades e potencial individual dos estudantes.
- Facilitar a formación en linguas estranxeiras, nomeadamente en lingua inglesa.
- Fomentar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación.

No marco dos proxectos e iniciativas educativas desenvolvidas ao abeiro destes convenios bilaterais, no curso académico 2016-2017, tiveron lugar dous mobilidades internacionais de alumnado e persoal da Universidade Sénior:

- Entre o 7 e o 9 de maio de 2017 en Porto (Portugal) coa *Universidade da Grande Idade de Rio Tinto* (Portugal), no marco da iniciativa En-RED-Versados.
- Entre o 27 e o 30 de abril de 2016 en Scandiano (Italia) coa *Università del Tempo Libero* de la *Comune di Scandiano* (Italia), no marco do proxecto ECHO – Eco do Medioevo.

3. Taller Europeo 2016-2017

O Taller Europeo vehiculiza cara ao alumnado a dimensión internacional da Universidade Sénior da Coruña, tanto dos proxectos educativos europeos como dos convenios bilaterais de colaboración con outras entidades de formación de adultos, reunindo a formación en valores interculturais, de traballo colaborativo, e de potenciación dunha cidadanía europea activa, coa formación en TIC e linguas estranxeiras, ambas con carácter instrumental.

3.1.- Destinatarios

Os destinatarios de esta iniciativa foron un grupo **34 alumnos e alumnas (25 mulleres e 9 homes)** da Universidade Sénior na Coruña, que comezaron a actividade dentro do Taller Europeo, con sesións quincenais de dúas horas de duración, nas que se alternaron sesións prácticas e horas de titoría con sesión específicas de aprendizaxe das TIC, no entendemento de que a mellora das competencias dixitais, entendidas como competencias básicas e transversais, facilitará o acceso a recursos educativos abertos e axudará a promover entre os nosos maiores unha cidadanía activa europea.

Gráfico 1. Estudantes do Taller Europeo 2016/2017, por sexo




Gráfico 2. Estudantes do Taller Europeo 2016/2017, por idade





Gráfico 3. Estudantes do Taller Europeo 2016/2017, por estudos previos



3.2.- Metodoloxía:

Como en cursos anteriores, para o desenvolvemento das actividades académicas foi utilizada unha metodoloxía activa e participativa baseada na idea de “Aprender a Aprender, e Aprender para Compartir”

Foi tamén utilizada unha metodoloxía de *blended learning*, combinando o ensino presencial (*face-to face*) cun enfoque individual no que os estudantes tiñan que procurar, procesar e compartir a información usando as TIC. Combinouse tamén o traballo en grupo (7-8 estudantes) có traballo individual.

3.3.- Contidos

Formación en Habilidades de Comunicación:

Neste eido, os estudantes implicados recibiron unha formación de dúas horas en comunicación verbal, comunicación escrita (especialmente en medios dixitais), comunicación visual (por exemplo, mapas, imaxes, cadros, ...) e comunicación non verbal.

Esta formación estivo a cargo da profesora titular do Taller Europeo, Prof. Dra. M^a Pilar García de la Torre.

Formación en Metodoloxía Científica:

A formación recibida polos alumnos e alumnas no transcurso do Taller estivo dirixida á adquisición de destrezas organizativas: rexistro e comparación de datos, clasificación e organización da información recopilada, análise das relacións, causas e efectos entre variables; e mais ás estratexias de divulgación dos resultados: informe da información nun tema científico, escritura e plasmación gráfica da información (particularmente en mapas).

Esta formación, cun total de 10 horas, estivo a cargo da profesora titular do Taller Europeo, Prof. Dra. M^a Pilar García de la Torre, e foi complementada con sesións de tutoría cós grupos de traballo.

Formación en Linguas Estranxeiras:

A formación en linguas estranxeiras é concibida, como xa quedou apuntado, como un contido transversal e instrumental do Taller, co obxectivo de favorecer a comunicación co resto de persoas implicadas nun proxecto transnacional e procurando tamén un achegamento tanto ao tema tratado no Taller como á lingua e cultura dos socios europeos.

Os alumnos e alumnas recibiron formación en lingua inglesa, a cargo da Prof. Dra. Begoña Crespo, e en lingua e cultura italiana, a cargo da profesora Emiliana Tucci, cun total de 8 horas de formación (4 horas para cada unha das linguas estudiadas).

Formación en TIC:

Como no caso da formación en linguas estranxeiras, a formación dos estudantes no uso das TIC no Taller Europeo ten os seguintes obxectivos:

1. Dotar aos participantes dos coñecementos, destrezas e actitudes necesarias para o autoaprendizaxe das TIC.
2. Incrementar a motivación de persoas maiores de 50 anos para incorporar as TIC na súa vida cotiá.

As principais ferramentas TIC utilizadas foron os blogs, as redes sociais (nomeadamente Facebook) e Google Maps para a Xeolocalización.

Os blogs representan unha importante ferramenta para promover o uso das TIC e para facilitar a comunicación entre o staff e os estudantes, ademais de ser utilizados para difundir os resultados do proxecto. No que atinxe á aprendizaxe do uso dos blogs, os estudantes aprenderon a publicar os seus traballos, consultar o material docente posto ao seu dispor, publicar novas e recursos multimedia relativos aos temas tratados no Taller.

No formación en Redes Sociais, partindo do feito de que son unha canle de comunicación cada vez mais habitual tamén entre os nosos estudantes, priorizouse o coñecemento e uso de Facebook, que é a principal rede social entre os maiores de 50 anos (Bru & Blanes, 2014).

A Xeolocation é identificación ou estimación da localización xeográfica no mundo real dun obxecto. Os alumnos e alumnas foron alentados a crear de modo colaborativo mapas interactivo usando a ferramenta on-line Google Maps, engadindo os puntos de interese detectados nos seus traballos de investigación, xunto cunha ligazón ao traballo completo publicado no Blog.

A formación no uso das TIC tivo lugar en catro sesións de dúas horas (8 horas), a cargo do instructor e técnico da Área de Internacionalización, Mobilidade e Internacionalización, Francisco Ascón. A formación na aula estivo complementada con catro horas mais de titorías grupais e individuais.

Taboa 1. Tempos de Formación en función do contido das sesións e titorías, en horas

Contido da Formación	En sesións do Taller	En titorías	Outras
Formación en Habilidades Sociais e de Comunicación	2	0	0
Formación en Metodoloxía Científica	10	2	0
Formación en Linguas Estranxeiras (EN + IT)	8	0	0
Formación en TIC	8	4	0
Visita de Campo	0	0	13

3.4.- Proxectos ou Iniciativas Educativas desenvolvidas:

No Taller Europeo desenvóléronse, durante o curso 201-2017, dúas liñas de traballo simultáneas para traballar conxuntamente cos diferentes socios dos convenios bilaterais:

En-RED-Versados

No ano 2014, o Parlamento galego aprobou por unanimidade a chamada Lei Valentín Paz-Andrade (LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía) destinada a incorporar progresivamente a aprendizaxe da lingua portuguesa como lingua estranxeira e promover as relacións cos países de lingua portuguesa.

A 2ª edición de En-RED-Versados (2016-2017) tratouse de fomentar o coñecemento mutuo e o achegamento á lingua, cultura e realidade social da Lusofonía.

Para o cumprimento dos obxectivos propostos, se continuou o Clube de Lectura on-line de poesía iniciado no curso 2014-2015, como iniciativa tecnolóxica singular ao abeiro do proxecto ACTING (Axentes Sociais para a promoción dun Envellecemento Activo a través das TIC", do que a Universidade Sénior foi entidade colaboradora, baixo o título "En-RED-Versados" con formato de blog (<https://enredversados.wordpress.com/>).

Para aumentar a motivación respecto da aprendizaxe das TIC utilízanse dous elementos ou compoñentes culturais:

1. A poesía como “manifestación da diversidade no diálogo, da libre circulación das ideas por medio da palabra, da creatividade e da innovación” (UNESCO, Día Internacional da Poesía, 21 de marzo).
2. O carácter de iniciativa internacional mediante a participación a Universidade da Grande Idade de Rio Tinto (Portugal).
3. O achegamento á lusofonía para ter unha perspectiva histórica da expansión mundial da lingua e a cultura portuguesa.


Estes elementos axudaron a crear nos participantes a necesidade de dotarse de habilidades en TIC necesarias para compartir coñecementos, opinións, puntos de vista, etc. sobre a poesía.

Na primeira edición do Clube de Lectura on-Line “En-RED-Versados” (curso 2014-2015) se traballou en colaboración co Het Perspectief de Gante (Bélxica) cun grupo de estudantes belgas de español, e seguiu a ser utilizado por demanda dos estudantes. As visitas superaron as 30.000 nesa primeira edición.

Na segunda edición do Clube de Lectura on-line “En-RED-Versados” (curso 2016-2017), xa dedicado á poesía nas linguas da lusofonía, se traballou en colaboración coa UGIRT, a *Universidade da Grande Idade de Rio Tinto* (Portugal), e as visitas superaron as 70.000.

Está prevista a continuación da iniciativa En-RED-Versados no curso 2017/2018 coa incorporación da *Pontificia Universidade Católica* de Goiás (Brasil).

Gráfico 4. Estatísticas de visitantes, visitas e posts, En-RED-Versados (Oct. 2014- Oct. 2017)



Proxecto ECHO – Eco do Medievo / *Echo of the Middle Age*

Durante o curso 2016-2017, o Taller Europeo traballou en colaboración cos nosos socios italianos a temática seguinte: a Idade Média en Europa a través de a obra de Umberto Eco *O nome da rosa*.

Logo de ter traballado en anos anteriores sobre Cervantes e Shakespeare, o autor escollido foi Umberto Eco coa súa coñecida obra "Il nome della rosa" ("O nome da rosa"). Esta obra permite diversos niveis de lectura, dende a máis sinxela (como unha mera novela de misterio) ás máis complexas pola súa riqueza en citas e referencias culturais, ademais de servir de pretexto para profundizar no coñecemento da Idade Media.

Como finalidade principal o empoderamento dos alumnos e alumnas sénior, entendido como o sentido de competencia persoal, desexo e vontade de actuar no espazo público, aumentando o nivel de autonomía e autoconcepto en persoas e comunidades, e eliminando a sensación de falta de influencia e impotencia. Nesta liña, os obxectivos nas actividades de aprendizaxe en adultos maiores deberían:

- Facilitar aos alumnos e alumnas recoñecer e utilizar os seus propios recursos.
- Promover unha cidadanía activa, así como valores e condutas democráticas.
- Permitir aos alumnos e alumnas ser responsables para decidir por si mesmos os seus propios intereses baixo a súa propia autoridade.


No proxecto **ECHO – Echo of the Middle Age** participou un consorcio de catro socios europeos, cun interese común: as dinámicas de cidadanía activa, partindo da idea común de que os cidadáns europeos maiores deberán xogar un importante rol na sociedade a través do seu empoderamento e activa implicación en proxectos educativos.

Os socios no proxecto ECHO foron:

- Universidade Sénior da Universidade da Coruña (Galiza, España)
- Università del Tempo Libero de la Comune di Scandiano (Italia)
- Universidad Popular e Bibliotecas Públicas de Almansa (Castela-A Mancha, España)
- Concello de Blansko (República Checa).

No proxecto, os diferentes grupos a nivel local estudaron a Idade Media, utilizando como elemento motivacional a novela “O nome da rosa” de Umberto Eco, explorando temas de identidade europea, estudando a súa propia historia e mailos seus vínculos comúns en Europa.

Gráfico 5. Alumnos e alumnas implicados no ECHO project, por localidade:



No que atinxe ás ferramentas TIC implementadas para o desenvolvemento deste proxecto, foron as seguintes:

- **Blog “Nome da Rosa”**, onde foron publicados os traballos de investigación realizados polos alumnos e alumnas, ademais do material didáctico realizado, noticias e recursos multimedia relativos ao tema do Taller.
 - o <https://nomedarosa.wordpress.com/>

Taboa 1. Estatísticas do Blog “Nome da Rosa”

Entradas (Post) publicadas	Visitantes	Visitas
28	601	3965

- Grupo pechado de Facebook creado en setembro de 2016, incluíndo como membros a todos os estudantes e membros do staff dos socios implicados no proxecto.

Tabla 2. Estatísticas do Grupo pechado de Facebook “Eco del Medioevo”


Post publicados	Fotos publicadas	Vídeos publicados	Archivos publicados	Membros	Administradores
296	96	3	2	91	5

- Xeolocalización e representación gráfica en catro mapas on-line de Google Maps dos resultados da investigación dos alumnos e alumnas:


Tabla 3. Estadísticas dos mapas on-line creados en Google Maps

Mapa	Visitas
Mosteiros medievais na Galiza.	761
Ordes Relixiosas na novela “O nome da rosa”	1379
Mosteiros da Orde Cisterciense na Galiza.	1145
Códices Herbarios medievais.	843


Imaxe 1. Mapa on-line Mosteiros da Orde Cisterciense na Galiza.




Imaxe 2. Mapa on-line Mosteiros medievais na Galiza.



Imaxe 3. Mapa on-line Ordes Relixiosas na novela “O nome da rosa”.



Imaxe 4. Mapa on-line Códices Herbarios medievais.



Saída de Campo común ás iniciativas En-RED-Versados e Proxecto ECHO do Medievo

O día 28 de abril de 2017, o Taller Europeo realizou unha saída de campo común a ambas liñas de traballo.

En relación á iniciativa En-RED-Versados, a visita foi á Casa-Museo de Uxío Novoneyra en Parada de Caurel (Lugo), realizando a visita co propio fillo do poeta, durante a mañá.





En relación á iniciativa Proxecto ECHO do Medievo, durante a tarde, os alumnos e alumnas tiveron ocasión de realizar unha visita guiada ao Mosteiro de Samos (Lugo).



4. Mobilidades transnacionais do curso 2016-2017.

Baixo o termo mobilidade enténdese a estancia física, transnacional e servindo a un propósito de aprendizaxe nunha institución educativa doutro país.

No curso 2016-2017, realizáronse un total de 29 mobilidades de alumnos/as e 4 mobilidades de persoal, ao abeiro dos proxectos desenvolvidos no Taller Europeo.



4.1 Mobilidade Internacional a Porto (Portugal).

Entre os días 7 e 9 de maio de 2017, un grupo de 18 alumnos e alumnas da Universidade Sénior, xunto con dous membros do staff, participaron nunha Mobilidade Internacional á UGIRT dentro da iniciativa En-RED-Versados.

Durante o tempo de estancia do grupo de alumnos e alumnas coruñeses na mobilidade internacional á *Universidade da Grande Idade* de Rio Tinto (Portugal), se ten desenvolvido un programa tanto de carácter académico como de carácter cultural, de modo que os alumnos/as galegos se incorporaran ás actividades académicas específicas como colofón ás actividades desenvolvidas ao longo do curso académico, e que, ao mesmo tempo e de xeito complementario, coñeceran o patrimonio cultural, histórico, artístico e social do país anfitrión.

O programa de actividades foi:

Domingo, 7 de maio.

- 15:00 Saída de A Coruña
- 19:00 Chegada a Porto e check-in en Hotel
- 20:00 Recepción na UGIRT – Universidade da Grande Idade de Rio Tinto
- 21:00 Actividade académica de Poesía EN-RED-VERSADOS, e Lunch.

Luns, 8 de maio.

- 09:00 Visita ao Palacio da Bolsa
- 10:30 Visita ao Museo Interactivo “World of Discoveries”
- 13:00 Almoço Na Ribeira – Porto
- 15:00 Visita ás Adegas-Caves en Vila Nova de Gaia
- 16:30 Percorrido en barco polo Douro.
- 18:30 Visita à Rota da Filigrana - Gondomar
- 20:30 - Jantar

Martes, 9 de maio.

- 09:00 Check-out en Hotel AXIS Porto
- 10:00 Visita a Guimarães. Visita ao Castelo e ao Paço dos Duques de Bragança
- 13:00 Comida en Guimarães
- 15:00 Regreso á Coruña

Imaxe 5: Cartaz-Programa Mobilidade Internacional coa UGIRT a Porto. Maio de 2017

UGIRT

universidade sénior

GRUPO UNIVERSIDADE SÉNIOR DA UNIVERSIDADE DA CORUNHA MOBILIDADE INTERNACIONAL A UGIRT (UNIVERSIDADE DA GRANDE IDADE DE RIO TINTO)

PORTO, 7 A 9 DE MAIO 2017

Domingo, 7 de maio.

- 15:15 - Saída de A Coruña
- 19:00 - Chegada a Porto e check-in en Hotel AXIS Porto
- 20:00 - Recepción na UGIRT – Universidade da Grande Idade de Rio Tinto
- Lunch e Noite de Poesía e Fados

Luns, 8 de maio.

- 09:00 - Visita ao Palacio da Bolsa
- 10:30 - Visita ao Museo Interactivo “World of Discoveries”
- 13:00 - Almoço nas tasquinhas da Ribeira – Porto- “Postigo do Carvão”
- 15:00 - Visita ás Adegas-Caves Calem/Burmester
- 16:30 - Percorrido en barco polo Douro
- 18:30 - Visita à Rota da Filigrana - Gondomar
- 20:30 - Jantar na Ribeira “Ar de Rio”

Martes, 9 de maio.

- 09:30 - Check-out en Hotel AXIS Porto
- 10:30 - Visita a Guimarães: Visita ao Castelo e ao Paço dos Duques de Bragança
- 13:00 - Comida no Toural (Guimarães)
- 14:30 - Regreso á Coruña



4.2 Mobilidade Internacional a Scandiano (Italia).

Entre os días 19 e 22 de setembro, tivo lugar o *International Meeting* do proxecto ECHO na localidade de Scandiano. As delegacións de A Coruña, Blansko e Almansa foron acollidos pola *Università del Tempo Líbero* de la Comune di Scandiano.

Durante eses días desenvolveuse un intenso programa tanto de carácter académico como de carácter cultural, que serviu de peche ás actividades desenvolvidas ao longo do curso, presentación dos resultados obtidos por cada socio a nivel local, e , ao mesmo tempo e de xeito complementario, permitiu aos alumnos e alumnas participantes coñecer o patrimonio cultural, histórico, artístico e social do país anfitrión.

Un total de 76 estudantes e membros do staff, procedentes de Galiza, Castela-A Mancha, República Checa e Italia participaron no Encontro. A delegación da Universidade Sénior da Universidade da Coruña estivo formada por 11 alumnos/as e 2 membros do staff.

O **programa de actividades** foi:

19 de setembro:

Chegada das delegacións a Scandiano.

19:00 Acto de Benvida na Comune di Scandiano e encontro das familias acolledoras e os alumnos/as participantes.

21:15 Concerto de Benvida na Rocca do Boiardo.

20 de setembro:

08:30 Recepción oficial a cargo do Alcalde de Scandiano

09:00 Presentación dos resultados do proxecto por parte dos alumnos e alumnas de cada delegación.

14:30 De xeito simultáneo: Coordinators Meeting na Comune di Scandiano (staff) e Visita ao centro histórico da cidade e arredores (visita ao Muiño Valerani e a unha factoría de Vinagre Balsámico) en diferentes grupos, para os alumnos e alumnas participantes.

17:00 No Circolo Bisamar, Actividades colaborativas e achegamento á cultura italiana para todos os alumnos e alumnas participantes.
Cea de confraternización.

21 de setembro:

07:30 Saída en bus con destino a San Apolinare in Casse

Visita guiada a San Apolinare in Casse

Xantar e Visita guiada en grupos polo centro histórico de Ravenna.

20:00 Cea de despedida

22 de setembro:

8,30 Partida da delegación da Universidade Sénior.

Visita guiada por alumnos/as italianos/as ao centro histórico de Bolonia.

Regreso á Coruña.



5. Outras iniciativas de dimensión internacional

5.1 Participación no proxecto TECEuropa da Fundación Galicia Europa

A Universidade Sénior, a través do seu técnico Francisco Ascón, participou na 3ª edición do Programa TecEuropa de especialización en materia de financiamento comunitario que tivo institucións europeas co obxectivo de coñecer de primeira man as súas competencias e funcionamento. Tivo lugar en setembro-outubro de 2016, en Bruxelas e Compostela.

Dirixido ao persoal das entidades galegas interesadas en participar en proxectos europeos, o programa consta de dúas partes: unha primeira consistente nunha semana de formación en Bruxelas e unha segunda parte práctica en Santiago de Compostela.

Tras un proceso de concorrência competitiva, os participantes seleccionados reciben formación especializada sobre o marco financeiro comunitario 2014-2020 e os programas de financiamento existentes, ademais de visitar -durante a estancia en Bruxelas- as sedes das institucións europeas.

5.2 Jornadas Anuales de Difusión Erasmus+.

A Universidade Sénior participou nas Xornadas Anuais que organiza o SEPIE (Servizo Español para a Promoción da Internacionalización da Educación) para difundir o programa Erasmus +, e que tiveron lugar en Madrid os días 19 e 20 de decembro de 2016.

5.3 I Conferencia Científica de Proxectos Educativos para Seniors

A Universidade Sénior da UDC estivo presente na I Conferencia Internacional de Proxectos Educativos para Seniors, organizada pola Rede de Universidades da Terceira Idade de Portugal (RUTIS) celebrada en Porto, os días 16 e 17 de Febreiro de 2017.

No transcurso da Conferencia, foi presentada a ponencia de María Del Pilar García de La Torre e Francisco Ascón-Belver, “A internalização de um programa universitário para seniores: A universidade sénior da Corunha”.

Como colofón da Conferencia, debateuse e aprobouse iniciar os traballos para a creación dunha **Rede Mundial de Proxectos Educativos para Seniores**, para ser definitivamente establecida o seu funcionamento na II Conferencia Científica que tivo lugar en Lisboa, en outubro de 2017.

5.4 Área Temática de Internacionalización no “XV Encuentro Estatal de Programas Universitarios para Mayores e VI Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores.

O Comité Organizador do “XV Encuentro Estatal de Programas Universitarios para Mayores / VI Encontro Galego de Programas Universitarios para Maiores”, celebrado os días 12 a 14 de xuño, en Santiago de Compostela, estableceu como liñas de intervención a educación permanente no eido universitario, **a internacionalización**, a participación e a responsabilidade social dos programas universitarios para maiores.

A Universidade Sénior foi a encargada da **Mesa Redonda. “La internacionalización como estrategia de formación e innovación en los PUMs”**, que contou con Andrés Ajo Lázaro (Director da Unidade de Educación Escolar e de Personas Adultas do SEPIE), de D. Miguel A. Nombela (UVigo), de José Manuel Muñoz (USAL), de Jesús Delgado Peña (UMA), de Nuria Ruiz Armero (UA), de D^a Pilar García de la Torre (UDC), que tamén actuou de coordinadora, e coa participación de dúas alumnas do Taller Europeo da Universidade Sénior da Coruña. Esta mesa redonda tivo lugar o día 13 de xuño de 2016.

5.5 Participación na VI Edición dos UTA Sports Games en Zvolen (Eslovaquia)

Froito dos contactos realizados pola Área de Internacionalización da Universidade Sénior no transcurso da “I Conferencia Científica Internacional de Proxectos Educativos para Séniores”, en Porto (Portugal), no curso 2016-2017, acordouse a participación por vez primeira dunha delegación de alumnos e alumnas da Universidade Sénior nesta competición deportiva organizada pola Universidade Técnica de Zvolen (Eslovaquia).

Durante os días 13 a 16 de setembro, tivo lugar en Zvolen (Eslovaquia) a VI edición dos UTA Sport Games for Seniors coa participación de delegacións de Eslovaquia, Polonia, Rusia, Turquía, República Checa, Ucraína, ... e a Universidade Sénior da Coruña.

Os Xogos Deportivos reuniron a mais de 250 participantes, entre eles 8 alumnos/as da materia Actividade Física no campus da Coruña, acompañados polo seu docente, o profesor Isidoro Hornillos.



5.6 Membresía en AIUTA, Asociación Internacional de Universidades da Terceira Idade.

AIUTA é unha organización que reúne universidades para maiores de todos os continentes. Durante catro décadas ven contribuíndo á formación ao longo de toda a vida a través do intercambio de boas prácticas entre universidades, a innovación en termos de ensino e investigación científica

A Universidade Sénior da UDC participou en xuño de 2015 como invitada na Conferencia Internacional AIUTA “Universidades de la Tercera Edad y Cohesión Social”, en Alicante. Tras esa Conferencia, solicitouse formalmente a incorporación á Asociación sendo aceptada no transcurso da Asamblea celebrada en Reims (Francia), en maio de 2016. No transcurso da International Conference de Reims, realizouse unha presentación da Universidade Sénior e das súas actividades.

No presente curso 2016-2017, a Universidade Sénior candidatouse para albergar a reunión do Steering Committee de AIUTA no vindeiro mes de xaneiro de 2018.

6.- Convenios bilaterais con outros Programas Universitarios para Maiores

A Universidade Sénior ten asinado Convenios Bilaterais de colaboración con outros Programas Universitarios para Maiores do estado español, para favorecer o intercambio de alumnos e alumnas, así como de membros do staff dos programas, cun marcado carácter académico e cultural.

Os obxectivos destes intercambios son:

- o Fomentar a mobilidade e as ligazóns de relación fraternal entre alumnos/as e institucións.
- o Favorecer o intercambio de boas prácticas entre as institucións.
- o Crear un tecido social de relacións entre os alumnos/as participantes.
- o Promover o coñecemento da cultura das diferentes zonas de acollida.
- o Incentivar o desenvolvemento persoal, a cidadanía activa e o envellecemento saudable.

Dende a sinatura do primeiro Convenio de Colaboración en 2010 ata 2015, a Universidade Sénior ten realizado intercambios académicos cos seguintes programas universitarios para maiores de universidades españolas:

- Universidad Permanente “Millan Santos” da Universidad de Valladolid
- Programa Universitari per a Gent Gran da Universitat Ramón Llull, nos campus de Barcelona e Val d’Arán (Vielha).




Os intercambios con outros programas universitarios para maiores son unha actividade académica e de aprendizaxe: Os alumnos/as insértanse na actividade ordinaria da institución receptora, participando nas súas clases. De xeito paralelo, desenvólvese unha axenda social e cultural. Nos intercambios a nivel estatal poden participar todos os alumnos e alumnas, oficiais ou ointes, da Universidade Sénior, dacordo cos criterios de selección que se establezan para cada intercambio.

No curso académico 2015-2016, os Reitores das Universidades da Coruña e Politécnica de Valencia asinaron un Convenio de Colaboración dirixido a facilitar a realización de intercambios de alumnado e persoal dos seus respectivos Programas Universitarios para Maiores, a Universidades Sénior da UDC e da UPV. O primeiro intercambio tivo lugar na Coruña entre o 23-27 mayo de 2016 coa participación de 13 alumnos e alumnas da Universidade Politécnica de Valencia.

No curso académico 2016-2017, foi asinado polos Reitores da Universidade de Salamanca e a Universidade da Coruña, outro Convenio de Colaboración para a realización dos intercambios académicos, posibilitando no mesmo curso académico o primeiro intercambio entre a Universidade Sénior da UDC e o Programa Interuniversitario da Experiencia da USAL.

6.1- Intercambio con Universitat Sènior - Universitat Politècnica de Valencia

No curso 2016-2017, o segundo intercambio coa Universitat Sènior da UPV levou a Valencia a unha delegación da Universidade Sènior da Coruña, composta por 13 alumnos e alumnas e 2 membros do staff.



O intercambio académico coa Universitat Sénior da UPV tivo lugar entre os días 28 de marzo e 1 de abril de 2017, có seguinte programa:

Martes, 28 de marzo

17:00: Recepción no Reitorado da UPV
18.30: Concerto da Coral Universitaria Sénior de Valencia
21:00: Cea de Benvida

Mércores, 29 de marzo:

Clases na Universidade Sénior da UPV:

- 16:00: Formación y pérdida de vínculos afectivos. Entender y mejorar nuestras relaciones
- 18:00: Historia de la arquitectura y del urbanismo. Siglos XIX y XX.

Xoves, 30 de marzo

Visita Museo Fallas e Cidade das Ciencias

Clases na Universidade Sénior da UPV

- 16:00: Iniciación a la jardinería y el conocimiento de la flora ornamental
- 18:00: Arquitectura de la ciudad de Valencia

Venres, 31 de marzo:

Visita guiada ao Centro Histórico de Valencia

Visita guiada á Albufera e Xantarde confraternización.

Sábado, 1 de abril. Regreso á Coruña.



**Intercambio Académico
entre los
Programas Universitarios
para Mayores
de la
Universitat Politècnica de
València
y la
Universidade da Coruña**

Valencia, del 28 de marzo al 1 de abril de 2017



COLABORA:






6.2.- Intercambio coa Universidade de la Experiencia – Universidad de Salamanca


Trala sinatura do Convenio Bilateral de Colaboración polos dous Reitores, no curso 2016-2017, a Universidade Sénior da Universidade da Coruña acolleu o primeiro intercambio coa Universidade da Experiencia da Universidade da Salamanca, no que **13 alumnos e alumnas e 2 membros da USAL** incorporáronse ás actividades académicas cotiás da Universidade Sénior, tanto no campus da Coruña como no campus de Ferrol.

Un grupo de **33 alumnos e alumnas da Universidade Sénior** participaron no intercambio como **alumnos e alumnas acolledores voluntarios**, participando en tarefas de acompañamento dos alumnos e alumnas da USAL e de apoio á organización do intercambio.


**Gráfico 13. Mobilidades
Intercambio USAL 2017, por sexo**



**Gráfico 14. Voluntarios
acolledores Intercambio USAL
2017, por sexo**



**Gráfico 15. Voluntarios acolledores Intercambio USAL 2017,
por campus**



O **programa** do Intercambio foi o seguinte:

Luns, 15 de maio:

Chegada á Coruña. Aloxamento.

Recepción ao grupo en Hotel.

Martes, 16 de mayo:

11:00 Visita guiada ao Museo Nacional de Ciencia y Tecnología (MUNCYT)

Xantar

17:00 Clases na Universidade Sénior:

- Historia de Europa

Mércores, 17 de maio: Día das Letras Galegas

10:30 Visita guiada á Torre de Hércules

12:00 Visita ao Museo Domus – Casa do Home

15:30 Paseo poético guiado polo centro da cidade.

Xantar e tarde libre

Xoves, 18 de maio: Visita a Ferrol.

10:00 Visita guiada ao barrio da Magdalena

12:00 Recepción Oficial no Concello de Ferrol

Comida no Campus de Esteiro (Ferrol)

16:00 Asistencia a Seminario de Saúde

18:00 Regreso á Coruña

Venres, 19 de maio:

11:00 Clase especial de música tradicional galega con Concierto Didáctico

13:00 Acto de Clausura do Intercambio

Viaxe de regreso a Salamanca



7.- Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM)

A Asociación Estatal de Programas Universitarios para Maiores (AEPUM) está constituída por universidades públicas e privadas que contan con programas universitarios para maiores. O fin esencial da AEPUM é fomentar os programas educativos para maiores no eido universitario, contribuíndo ao desenvolvemento formativo e cultural do colectivo das persoas maiores. Actualmente máis de 40 universidades forman parte de AEPUM e a súa acción abrangue a máis de 43.000 alumnos e alumnas maiores de 50 anos.

A Universidade Sénior da UDC é membro de AEPUM dende o ano 2010. O noso programa para maiores forma parte da Xunta Directiva da Asociación, ocupando inicialmente a vogalía da área de Internacionalización e dende 2015 tamén a Tesuoreiría. En calidade de membro da Xunta Directiva, a Universidade Sénior participou nas xuntanzas ordinarias da mesma, así como nas Asembleas convocadas, presentando os correspondentes informes.

Durante o curso 2016-2017, a Universidade Sénior participou no “XV Encuentro Estatal de Programas Universitarios para Personas Mayores, celebrado na Universidade de Santiago de Compostela, os días 12, 13, e 14 de xuño de 2016, baixo o título “Los Programas Universitarios para Mayores como elemento estratégico en la formación para toda la vida”. Este XV Encuentro foi coorganizado polos PUM das tres universidades públicas galegas, participan tanto nos Comités Científico e Organizador, como desenvolvendo tarefas de Secretaría Académica. Un total de medio centenar de alumnos e alumnas, profesores e equipo directivo participaron no Encontro.



A Universidade Sénior tamén participou no VII Seminario de Trabajo AEPUM titulado “La Responsabilidad Social Universitaria y el Empoderamiento de los mayores desde los Programas Universitarios para Personas Mayores”, celebrado na Universidade de Salamanca, os días 29 e 30 de setembro de 2016.

8.- Innovación

Dentro das actividades da Área de Internacionalización, Mobilidade e Innovación agrúpanse tamén aquelas actividades que representan a publicación de ponencias, comunicacións, papers en Conferencias e Congreso, as actividades de apoio á investigación realizadas na Universidade Sénior, e o deseño e implementación de iniciativas de carácter innovador dentro das actividades da Universidade Sénior. Las intervenciones en congresos se han ido detallando anteriormente. Otras actividades de innovación son las siguientes:

8.1.- Iniciativas Innovadoras

Xornadas Universitarias para Persoas Maiores na Costa da Morte

En xaneiro de 2016, iniciouse o proceso para o deseño e execución de actividades formativas da Universidade Sénior no ámbito rural da zona costeira da provincia da Coruña coñecida como Costa da Morte.

A iniciativa do Grupo de Desenvolvemento Local (GDR) “Costa da Morte”, iniciouse un proceso que culminará coa celebración das citadas xornadas, que está prevista para o primeiro trimestre de 2018.

Neste curso 2016/2017 desenvóléronse as seguintes fases desta iniciativa innovadora:

- a) Estudio demográfico e xeográfico do proxecto.
- b) Elaboración e tratamento estatístico de dous cuestionarios para coñecer as necesidades formativas e inquiredanzas culturais da poboación destinataria potencial das Xornadas Universitarias
 - a. Cuestionario destinado a ser respostado polos potenciais alumnos e alumnas (persoas maiores de 50 anos en situación laboral non activa dos concellos das comarcas obxecto do proxecto).
 - b. Cuestionario destinado a ser respostado polos Axentes de desenvolvemento local.
- c) Deseño do primeiro borrador de Programa das Xornadas Universitarias.

No curso 2017/2018 continuará o desenvolvemento coas sucesivas fases ata rematar na celebración das Xornadas Universitarias para Persoas Maiores na Costa da Morte.

Proxecto RadioSénior

A iniciativa RadioSénior é un Proxecto de Alfabetización Mediática (media literacy) froito da colaboración entre os Talleres Europeo, que impartiu a prof. Pilar García, e Taller de Comunicación e Información Audiovisual, que impartiu o prof. Cristóbal Ramírez, no curso 2016-2017, e apoiado pola Área de Internacionalización, Mobilidade e Innovación da Universidade Sénior.

En novembro de 2016, tras as reunións preparatorias comeza o proceso de selección dos cinco alumnos e alumnas que formarían parte do Equipo RadioSénior. O proxecto foi ofertado aos alumnos e alumnas de ambos Talleres participantes.

Os **obxectivos** do proxecto son:

- Promover o empoderamento dos alumnos e alumnas maiores como axentes activos de comunicación social a través do medio radiofónico.
- Fomentar unha análise crítica da imaxe e o rol asignado ás as persoas maiores nos medios de comunicación e na publicidade.
- Combatir prexuízos e ideas preconcebidas sobre as persoas maiores e favorecer unha imaxe positiva dos adultos maiores.
- Sensibilización sobre os dereitos das persoas maiores, evitando a discriminación e xerando unha cidadanía activa e participativa entre os maiores.

A partir do mes de novembro de 2016, os cinco alumnos e alumnas seleccionados recibiron formación nos seguintes aspectos:

- **Formación en Alfabetización Mediática**, a cargo do profesor Cristobal Ramírez, en dúas sesións de dúas horas de duración.
- **Formación en TIC**, a cargo do técnico da Área de Internacionalización, Mobilidade e Innovación da Universidade Sénior, en tres sesións de dúas horas de duración:
 - o Manexo dun blog como medio de comunicación interno/externo da actividade, incluíndo a creación dun post por cada programa e a creación de posts con recopilacións das novas e as fontes usadas no proceso de produción do programa. <http://radioseniorblog.wordpress.com>
 - o Manexo do email, coa creación dunha conta común: radio.senior.udc@gmail.com
 - o Manexo das seguintes ferramentas para o mellor desenvolvemento da actividade: Ivoox, Edición de Audio Dixital, Podcast, Streaming, ...

- **Formación en Radio:** a cargo de persoal da área de formación da emisora comunitaria FUAC FM (<https://cuacfm.org/>) que emite desde o Campus da Zapateira da UDC, cun total de 10 horas (7 teóricas + 3 prácticas)
 - o Teórica: Tres módulos de 2,5 horas. Sábados por la mañana. Material en PDF
 - o Práctica: Control Técnico (Mesa de mezclas) + Audacity (software libre para la edición de audio) + Locución radiofónica.

O día 4 de maio, comeza o proceso de emisión en directo dun programa quincenal dunha horas de duración a cargo do equipo de alumnos e alumnas, coa coordinación do Técnico da Área de Internacionalización, Mobilidade e Innovación da Universidade Sénior.

O programa emítese os xoves, de 13 a 14 horas, con carácter quincenal, e o equipo realiza reunións de produción os xoves sen emisión na Sala de Lectura da Universidade Sénior e reunións pre-emisión os xoves de programa, nas propias instalacións da emisora.

No curso 2016/2017, emitíronse 6 programas (entre o 4 de maio e o 13 de xullo de 2017) no que foron tratados os seguintes contidos:

- AxendaSénior: en cada programa os alumnos e alumnas difunden as actividades da Universidade Sénior e maila súa Asociación de Alumnos e Alumnas.
- Axenda cultural e actividades do entorno mais cercano que poden resultar interesantes para os alumnos e alumnas da Universidade Sénior.
- Entrevistas: Foron entrevistados tanto persoeiros relevantes como alumnos e alumnas da propia Universidade Sénior:
 - o O Reitor da UDC, Julio Abalde
 - o A Vicerreitora de Oferta Académica e Innovación, Nancy Suárez
 - o A Directora da Universidade Sénior, Matilde García
 - o O escritor e académico, Manuel Rivas
 - o Ivan Patiño, director de cine
 - o Ali Ali, artista sirio afincado na Coruña
 - o Rita Rodríguez, artista coruñesa
 - o Olga Rodríguez, xornalista especialista en Dereitos Humanos
 - o Esteban Beltrán, director de Amnistía Internacional
 - o Blanca Franco, alumna da Universidade Sénior e organizadora do Camiño de Santiago para alumnos e alumnas sénior
- Sección En-RED-Versados: Estableceuse unha sección dentro do programa destinada a reflectir a actividade desenvolta na 2ª edición da iniciativa do Clube de Poesía on-line “En-RED-Versado” con lectura de poesías da lusofonía.
- Programación especial adicada á problemática dos Refuxiados, coincidindo con Acampa Coruña.
- Música, Comentarios, Relatos, ...

